

MÁSTER UNIVERSITARIO EN
FILOSOFÍA. COÑECIMENTO E CIDADANÍA

GUÍA DOCENTE | 2025-26

ARTE E CIDADE

1. INFORMACIÓN BÁSICA

DESCRIPCIÓN

A materia Arte e cidade (código: P5251212) é unha optativa do itinerario "Cidadanía e globalización", que se imparte no primeiro semestre. Ten 3 créditos ECTS, que se corresponden con 75 horas de traballo do alumnado, das cales 24 son horas presenciais: 12 horas de clases expositivas, 8 de interactivas, e 4 de titorías de grupo.

Trátase dunha materia impartida por un profesor do Departamento de Historia da Arte (Área de Historia da Arte) da USC. É materia obrigatoria de itinerario Cidadanía e globalización.

PRERREQUISITOS

Non se establecen prerequisites para cursar a materia, aínda que son recomendables coñecementos previos sobre historia da arte contemporánea e filosofía actual (século XX).

IMPARTICIÓN

Esta materia será impartida en galego. De haber estudantes procedentes doutras universidades españolas, ou estranxeiras (ao abeiro de convenios nos que participe a USC), poderase impartir en español, se así o acorda o grupo na aula.

O programa estará dispoñible en galego e español na web da titulación, na seguinte ligazón:

<https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/artes-humanidades/master-universitario-filosofia-conecemento-cidadania/20252026/arte-cidade-16760-16099-3-94105>

Información relevante relativa ao desenvolvemento das aulas, así como unha selección de materiais para o traballo do alumnado, estarán dispoñibles na Aula virtual da materia. Esta será a canle prevista para os avisos ao alumnado ao longo do semestre.

TITORÍAS

Os horarios de titorías aparecerán na páxina web da USC, na sección "Profesorado", do Departamento de Historia da arte. Ligazón:

<https://www.usc.gal/gl/departamento/historia-arte/directorio/miguel-anxo-rodriguez-gonzalez-948>

O despacho do profesor é o número 109 da Facultade de Xeografía e Historia. O teléfono é o 881 812 601 (a extensión é 12601, para chamadas ao teléfono da Universidade). Para consultas puntuais, fóra de horas de titorías, o alumnado poderá utilizar a dirección de correo electrónica do profesor:

miguelanxo.rodriguez@usc.es

2. SITUACIÓN DA MATERIA NA TITULACIÓN BÁSICA

BLOCO FORMATIVO NO QUE SE INTEGRA A MATERIA

Esta é unha materia obrigatoria que se inserta no itinerario "Cidadanía e globalización" (P5251M03), e ocuparase das prácticas artísticas realizadas para o espazo público, en contextos urbanos, no marco da globalización.

As outras materias deste itinerario son Xénero e teorías feministas, Éticas aplicadas, Cosmopolitismo e cidadanía global, Patrimonio e identidade cultural e Pensar a economía. Encádrase nun itinerario enfocado cara ás achegas culturais e sociais do mundo globalizado no que vivimos.

PAPEL DA MATERIA DENTRO DO BLOCO

Esta materia vaise achegar a un campo da teoría e práctica artística que cobrou moita importancia nos últimos anos, que ten que ver coa inserción da arte nos contextos sociais, fóra polo tanto de espazos especializados, como museos e galerías. Moitas das pezas realizadas por artistas dentro desta tendencia abordan problemáticas que, aínda que arraigadas en contextos urbanos concretos, remiten a cuestións e dinámicas sociais propias dun mundo globalizado.

É por iso que en ocasións nos achegaremos a asuntos que poden ser tamén tratados nas materias Xénero e teorías feministas e Cosmopolitismo e cidadanía global, do mesmo itinerario. As temáticas referentes ao xénero e a identidade étnica emerxeron con forza no ámbito dos estudos académicos, tanto como nas prácticas artísticas, música e audiovisual dos últimos anos.

3. OBXECTIVOS DA MATERIA

Os obxectivos desta materia son os seguintes:

- Estimular o debate arredor dos espazos artísticos públicos.
- Proporcionar ferramentas teóricas para promover o debate sobre arte e sociedade.

- Analizar o papel que xogan a arte e os procesos culturais na construción da imaxe da cidade.
- Proporcionar materiais de análise teórica e histórica para explorar máis a fondo os debates e controversias actuais arredor dos monumentos (memoria histórica, descolonización, etc.).

COMPETENCIAS DE TIPO XERAL

- (1.1) Que o alumnado saiba aplicar os coñecementos adquiridos para identificar, formular e resolver problemas do noso tempo.
- (1.2) Que o alumnado adquira capacidades e coñecementos para a análise crítica en relación a aportacións investigadoras.
- (1.3) Que as o alumnado sexa quen de transmitir coñecementos e ideas orixinais.
- (1.4) Que o alumnado estea capacitado para unha dinámica de reflexión con actitude proactiva e creativa na búsqueda de solucións a problemas.
- (1.5) Que o alumnado teña habilidades para recoñecer, nos diversos saberes e na práctica social, cuestións e susceptibles de ser abordados e resoltos.
- (1.6) Posuir e comprender coñecementos que aporten unha base u oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
- (1.7) Que as e os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas, dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
- (1.8) Que o alumnado sexa capaz de integrar coñecementos e enfrentarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, asuma reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
- (1.9) Que o alumnado sexa capaz de comunicar as súas conclusións, coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
- (1.10) Que o alumnado posúa as habilidades de aprendizaxe que lle permita continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.

Os obxectivos e estas competencias acádanse co conxunto de actividades previstas para o seguimento da materia.

Os obxectivos e competencias avalíanse a través do traballo escrito final, así como mediante as presentacións temáticas, resumos e comentarios, previstos para a avaliación continua.

COMPETENCIAS DE TIPO ESPECÍFICO

- (2.1) Coñecer e comprender formulacións filosóficas relacionadas cos ámbitos temáticos do máster.
- (2.2) Desenvolver destrezas que permitan trasladar os coñecementos adquiridos ao ámbito da investigación.
- (2.3) Adquirir habilidades para a transmisión e ensinanza de contidos filosóficos relacionados cos ámbitos temáticos do máster.
- (2.4) Saber aplicar os coñecementos adquiridos na resolución de novos problemas.
- (2.5) Ser capaz de: analizar e sintetizar, argumentar lóxicamente, formular xuízos, e deliberar consonte á criterios éticos.
- (2.6) Saber expresarse oralmente e por escrito, comunicar, debater e deliberar.
- (2.7) Saber interpretar con criterio medios de expresión baseados en representacións icónicas, plásticas ou literarias.

Os alumnos deben amosar a adquisición das competencias específicas (sempre entendendo esta como un proceso) por medio das clases interactivas, as titorías individuais e de grupo e a realización do traballo escrito final.

Avaliaránse mediante traballo escrito final e presentacións nas clases interactivas .

4. CONTIDOS

PLANO XERAL

Este curso busca reflexionar sobre o impacto social da arte pública á luz das controversias que recentemente converteron a arte nun campo de batalla para ideoloxías, memorias colectivas e políticas de identidade. Estudaremos os argumentos que xurdiron da teoría da arte, a estética, a crítica e a historia, na disputa sobre o lugar da arte na esfera pública,

e examinaremos propostas artísticas que buscaron integrar a arte en contextos urbanos ao longo do século XX e principios do XXI.

Presentaremos obras de arte e ideas que foron fundamentais nos debates arredor do uso político da arte, a crítica da cultura como espectáculo na década de 1960 e os cambios na cultura nos contextos urbanos da globalización, onde o debate sobre a identidade xurdiu con forza. Exploraremos novas formas de arte pública ("novo xénero de arte pública"), propostas de arte participativa e comunitaria, e reactivacións comunitarias da tipoloxía "monumento", vinculadas ás loitas pola reparación de vítimas da guerra e da represión política.

Os puntos a tratar serán os seguintes:

1.- Debates en torno á arte pública a principios do novo milenio

Nesta primeira sección, desenvolveremos unha presentación centrada na teoría da arte e especialmente na referida a arte pública, nun momento de debate sobre a lexitimidade deste tipo de intervencións.

Desde a década de 1990, producíronse reformulacións sobre a relevancia das propostas artísticas en espazos públicos baseados na falta de comunicación e integración na vida comunitaria. Artistas, críticos, comisarios e activistas expuxeron argumentos sobre a necesidade de "reconectar" coas comunidades, e estamos a presenciar a aparición de novas propostas de arte desmaterializada, comunitaria e participativa.

2.- Monumentos, contramonumentos e resignificacións

Aquí indagaremos no debate arredor dos monumentos, que desde mediados do século XX levou a unha necesaria transformación do obxecto, os suxeitos e as estratexias: exprésase a necesidade de conmemorar as vítimas, que poden ser colectivas ou anónimas. Unha vez suscitada a discusión sobre a categoría, botaremos unha ollada histórica aos incidentes que rodearon esta tipoloxía.

As controversias, os ataques iconoclastas e os debates están a fomentar novas perspectivas sobre esta área, destacando as súas implicacións sociais e políticas. As accións iconoclastas, a redefinición dos monumentos e as intervencións artísticas participativas anímannos a comprender este campo máis desde a perspectiva das comunidades e a recepción que desde a da promoción ou a produción. Os monumentos e outras formas de arte pública remiten á acción e percepción de grupos non especializados, de comunidades conectadas dun xeito ou doutro a estas obras. A importancia social da arte pública é evidente no contexto das loitas identitarias e os debates políticos sobre a

memoria ou a descolonización: ataques a monumentos tras a aparición de #Blacklivesmatter, novos memoriais e contramonumentos vinculados ás loitas das asociacións da memoria histórica... Levantar e derrubar, intervir no espazo público, colocar a arte no centro (simbólico) das loitas políticas e sociais actuais.

3.- Espectáculo e cultura na cidade: produción, consumo, resistencia (debates en torno ás formas culturais)

Neste punto abordaremos a emerxencia de novas formas de crítica cultural nos anos centrais do século XX, como reacción ás consecuencias da modernización. Autores como Guy Débord, Herbert Marcuse e Theodor Adorno coincidiron na súa crítica ás novas formas de consumo vencelladas ás industrias culturais.

Desde planteamentos distintos (e propoñendo distintas solucións) afrontaron o reto de pensar o lugar das novas formas da cultura contemporánea. Mentres as cidades se estaban a converter en terreo de xogo e expresión de novas formas de cultura xuvenil e alternativa, artistas e arquitectos radicais plantearon propostas de intervención de carácter utópico e emancipador.

4.- Intervencións, accións artísticas e reapropiación do espazo público.

Concluiremos o curso cunha visión xeral dos novos formatos e accións que van máis alá do marco institucional da arte: accións que desexan inserirse en contextos reais, baseadas na investigación social e política, e no activismo de diversa índole —ambiental, de xénero, descolonizador, etc.— que utilizan estratexias e recursos moi próximos ao ámbito da produción artística. Abordaremos esta tendencia, cualificada por algúns como "etnográfica", que conecta a arte cos problemas urbanos do mundo globalizado. A práctica artística adoita asumir formas de traballo colaborativo e desmaterializado, como eventos, performances, mesmo protestas festivas. Estas incursións, con forte compromiso e exposición, representan actos de reapropiación colectiva do espazo público onde se fusionan o estético e o político.

5. METODOLOXÍA DA DOCENCIA

TRABALLO PRESENCIAL NAS AULAS

Nas sesións que van ter lugar na aula traballaremos os contidos centrais da programación. Haberá dúas modalidades de clase, unha enfocada cara á exposición dos temas, por parte do profesor, con debates nos que participará o alumnado, e outra dedicada ao traballo práctico (aulas interactivas). Nesta, o desenvolvemento poderá variar en función do material a tratar: conceptos, textos de autores de referencia, ou análise de obras de arte e eventos de arte pública.

Para as clases interactivas se proporcionarán materiais aos alumnos en forma de textos escaneados e recursos en liña, e se indicarán previamente unha serie de preguntas ou guión de temas a considerar. A participación activa dos estudantes será incentivada desde o primeiro momento, e considerada a profundidade das aportacións feitas.

TRABALLO AUTÓNOMO DO ALUMNADO

Para afondar no estudio e comprensión dos temas tratados nas clases expositivas, establécese que o alumnado realice unha serie de tarefas. Estas van axudar a asentar os contidos, tanto conceptuais como discursivos.

Parte do traballo persoal vai consistir na lectura e estudio de materiais, en forma de textos que terán ás súas disposición, e materiais audiovisuais a través de enlaces en liña. Estes materiais serán comentados na aula.

En grupos de dous ou tres, os alumnos deben facer un traballo a modo de ensaio, para o que aproveitarán parte dos materiais comúns proporcionados polo profesor, ademais de outros recursos ou fontes que deberán atopar tras unha pequena investigación. A comezos do curso o profesor dará as indicacións en canto a posibles temas: marco teórico, obras de arte a seleccionar, estrutura, extensión máxima e data de entrega.

REQUERIMENTOS PARA AS AULAS

Vaise favorecer a participación do alumnado no desenvolvemento das clases, reflexionando e debatindo en torno aos contidos presentados polo profesor. En determinadas sesións, de feito, estes debates serán o eixo da docencia.

- O alumnado debe amosar en todo momento actitudes de respecto polas opinións dos demais (en cuestións políticas, relixiosas, de orientación sexual, identitarias, etc.), asumindo as prácticas de respecto que igualmente deben rexer a vida en comunidade.
- Buscarase que todos e todas poidan expresar con liberdade e sen medo as súas opinións e puntos de vista.

- Está permitido o uso de ordenadores e outros dispositivos electrónicos nas aulas, pois recoñecemos que son ferramentas habituais e complementarias na docencia a día de hoxe. Non se permite gravar sons ou imaxes sen o consentimento expreso dos asistentes.

6. AVALIACIÓN

A avaliación desta materia vaise levar a cabo a partir da asistencia e participación do alumnado na aula, e da presentación de traballos escritos. Non se contempla a realización de proba final.

Estes son os elementos a considerar para a avaliación:

- **Asistencia e participación en seminarios.** Os estudantes recibirán materiais suficientes e deberán abordar os temas a partir dun guión proporcionado previamente. Prestarase especial atención á profundidade das reflexións e á súa relevancia para os debates suscitados. Vaise pasar listaxe na aula semanalmente.
- **Realización dun breve traballo escrito, tipo ensaio.** Levarase a cabo en grupos de dúas ou tres persoas e centrarase en intervencións ou obras de arte pública que aborden controversias e debates vinculados a acontecementos políticos e sociais (identidade de xénero, guerras e memoria histórica, procesos de colonización, etc.). O obxectivo é analizar as conexións entre a arte e a sociedade a través de estudos de caso de obras que deron lugar a controversias e polémicas. Ao comezo do curso, proporcionaranse directrices sobre a lonxitude (non máis de 12 páxinas en total) e as consideracións estilísticas, xunto cos prazos. A presentación debe facerse oralmente ao final do trimestre.

DIMENSIÓNS DA AVALIACIÓN

- Asistencia e participación en seminarios (50 %, contando a asistencia un 20% e a participación 30% restante).
- Realización dun breve traballo escrito, tipo ensaio (50 %).

As competencias relativas á participación en seminarios van ser avaliadas atendendo á pertinencia das observacións dos alumnos, á capacidade crítica, e á fondura dos seus argumentos.

As competencias relativas ao traballo escrito van ser avaliadas atendendo á claridade na exposición e relato, á capacidade de relacionar aspectos teóricos con exemplos de práctica artística, e á fondura das reflexións.

REQUERIMENTO DE ORIXINALIDADE

O alumnado deberá respectar o código de boas prácticas da USC, indicando en todo momento a orixe das informacións que utilice e as súas fontes, respectando así o traballo dos demais. Deberá respectar a propiedade intelectual e ser respectuoso coas aportacións artísticas e intelectuais ás que faga referencia.

TEMPO DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

Esta materia ten asignados 3 créditos ECTS, que se corresponden en 75 horas de traballo do alumnado. Seguindo as recomendacións indicadas para este tipo de créditos, un terzo se corresponde a horas presenciais e dous terzos a non presenciais. A distribución será como sigue:

24 horas presenciais, que se reparten en

- horas de clases expositivas: 12
- horas de clases interactivas: 8
- horas de tutorías: 4

51 horas non presenciais, que se reparten en

- lecturas e estudo dos materiais proporcionados para as clases interactivas: 15 horas
- lectura dun libro e realización de breve recensión: 15 horas
- realización do traballo final: 21 horas en total, no semestre.

RECOMENDACIÓNS PARA SUPERAR A MATERIA

A asistencia a clases interactivas é obrigatoria, debéndose xustificar as ausencias.

Sempre que haxan dúbidas sobre os contidos vistos na aula, materiais para o estudo ou sistema de avaliación, é bo que os alumnos asistan a titorías ou pregunten ao profesor.

As lecturas, tarefas para interactivas, exposicións, e o traballo final débense ter listos dentro dos prazos previstos.

7. BIBLIOGRAFÍA

DE REFERENCIA

Bishop, C.: *Infiernos artificiales, arte participativo y políticas de la espectaduría*. Ciudad de México: Taller de Ediciones Económicas, 2016.

Freedberg, David: *Iconoclasia. Historia y psicología de la violencia contras las imágenes* Sans Soleil, 2018.

Yúdice, G.: *El Recurso de la cultura. Usos de la cultura en la era global*. Barcelona: Gedisa, 2002.

BIBLIOGRAFÍA

Brissac Peixoto, N.: *Arte/cidade. Zona leste. Máquinas urbanas*. Santiago de Compostela: Dardo, 2011.

Camnitzer, L.: *Didáctica de la liberación. Arte conceptualista latinoamericano*. Murcia: CEADEAC, 2009.

Clark, T. J.: *Imagen del pueblo. Gustave Courbet y la Revolución de 1848*. Barcelona: Gustavo Gili, 1981.

Decter, J. & Draxler, H.: *Exhibition as Social Intervention. 'Culture in Action'*, 1993. London: Afterall Books, 2014.

Deutsche, R.: *Agorafobia*. Barcelona: MACBA, Quaderns Portàtils, nº 12, 2008.

Doherty, C. (ed.): *Situation*. London & Cambridge (Mass.): Whitechapel Gallery / The MIT Press, 2009.

Duque, F.: *Arte público y espacio político*. Madrid: Akal, 2001.

Hebdige, D.: *Subcultura. El significado del estilo*. Barcelona: Paidós, 2013.

Helguera, P.: *Education for Socially Engaged Art. A Materials and Techniques Handbook*. New York: Jorge Pinto, 2011.

Mitchell, W. J. T.: *¿Qué quieren las imágenes? Una crítica de la cultura visual*. Sans Soleil Ediciones, 2017.

Ramírez, J.: Utopías artísticas de revuelta: Claremont Road, Reclaim the Streets, la Ciudad de Sol. Madrid: Cátedra, 2014.

Sección inglesa de la Internacional Situacionista: La revolución del arte moderno y el moderno arte de la revolución. Logroño: Pepitas de calabaza, 2007.

Tenorio Trillo, Mauricio: La historia en ruinas. El culto a los monumentos y a su destrucción. Madrid: Alianza Editorial, 2022.

Tunzelmann, Alex von: Fallen Idols: Twelve Statues That Made History. Headline Publishing Group, 2021.

Zukin, S.: The Cultures of Cities. Oxford: Blackwell, 1996.